

Lírica

Poemas

Noelia Estévez Rionegro

Entre fendas abertas*

A humidade das paredes agochaba feridas
 cosidas ás agullas
 coas que tecías a lá
 que, despois, desfacías coas unllas.

Nunca fun quen de entrar alí...
 e ollar para as gretas abertas
 onde se arrepiaban os corpos,
 amoreados,
 naquel cuarto de teito alto
 e chan en carne viva.

O vento asubiaba entre as fendas abertas nas fiestras,
 e sentíase o eco distorsionado
 de voces fragmentadas
 mentres apurabas a derradeira puntada.

Nunca fun quen de entrar alí...
 e atravesar os muros que ninguén derrubou.
 desfacer os nocellos contra a pedra...
 e lamber o sangue,
 que mana da pel cuarteada
 e sabe a vitoria...
 ...brindar co ferido
 rachar
 cristais de bohemia...

Varsovia, 2015

* Publicado en *Ana Frank* (coord. X. Susperregi, Biblioteca de las Grandes Naciones, 2019).

O pouso das ánimas

A Patricia Castelo Fernández

Fixeron das túas exequias
o desfile de honra,
pranto vestido de gala,
tan indecente coma improvisado,
do día maior.
Os que non tiñan coartada
plaxiaron condolencias,
e apreixaron os corpos
coma quen espreme laranxas,
cortadas a coitelo,
a noite anterior.
Alí acudiron, coas mans baleiras,
encher a praza de miseria,
reclamo de miserables,
sobre o pouso das ánimas,
espello da insignificancia,
bafo do alento entumecido
dos que, de coraxe e caraxe tinguidos,
alí ficaban.

Compostela, 25 de xullo de 2013